



ACTIVIDADES TEMA 4. A ATMOSFERA

1. Que é a atmosfera?
2. Como sería a atmosfera actual se non xurdisen as primeiras bacterias fotosintéticas (cianobacterias)? Razoa a resposta.
3. Fai un esquema da estrutura da atmosfera e complétao engadindo os seguintes elementos.
 - a) O nome de cada capa.
 - b) O nome das discontinuidades que separan as capas e a altitude de cada discontinuidade.
 - c) A localización da ozonosfera.
 - d) Indica a temperatura de cada capa.
 - e) Debuxa os raios X, raios gamma, raios UV, radiacións infravermellas e luz visible; e indica onde se absorben estas perigosas radicacións.
4. Que é a presión atmosférica? Con que instrumento se mide? En que unidades se expresa? Cal é a presión atmosférica a nivel do mar?
5. Observa o seguinte esquema e contesta as seguintes preguntas:



- a) Indica cun A cal é o anticiclón e cun B a borrasca.
- b) Indica mediante frechas a dirección que seguirá o aire superficial e razoa a resposta.
- c) O vento en que dirección vai e como xira no hemisferio norte nos anticiclóns? E nas borrascas?
- d) Cando a presión atmosférica aumenta nunha zona que tempo fará? E se baixa que tempo atmosférico teremos?

6. Observa o seguinte gráfico:



- Qué representa a imaxe? Defíneo.
- Indica as temperaturas máximas e mínimas alcanzadas durante o ano.
En que meses se alcanzaron?
- Que meses son os máis chuviosos? E os máis secos?
- Que relación hai entre temperatura e precipitacións?